

AUTORAS DE CUMIEIRA, vol. 7 (2022)

LUCÍA SALCEDA GARCÍA

Nacida en 1999 na aldea de Muradás, pertencente ó concello de Beariz (Ourense), graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, con mención en «Lingua e Literatura galega». Ó ano seguinte cursou o na mesma Universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria e Bacharelato seguindo o itinerario de «Linguas e literaturas oficiais».

MARÍA POL LÓPEZ

Naceu en 1999 en Lalín e graduouse en 2021 na Universidade de Santiago de Compostela no Grao en Lingua e Literatura Galegas. No ano 2021-2022 cursou na mesma universidade o Mestrado de Profesorado en Educación Secundaria Obrigatoria e Bacharelato, Formación Profesional e Ensinanza de Idiomas seguindo a especialidade de «Linguas e Literaturas». Actualmente prepara as oposicións de Educación Secundaria.

ANDREA GAMALLO VALLADARES

Nacida en 1998 en Vigo, graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao en Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios. No curso 2021-2022 cursou na Universidade de Santiago de Compostela o Mestrado Interuniversitario en Historia Moderna: Monarquía de España, séculos XVI-XVIII. Actualmente prepara a súa tese de doutoramento sobre a conflictividade galega a finais do Antigo Réxime e no futuro cursará o Mestrado en Educación Secundaria e Bacharelato.

UXÍA ESMERALDA CASABIANCA RODRÍGUEZ

Nacida en 1999 en Monforte de Lemos, graduouse en 2021 na Universidade de Santiago de Compostela no grao de Lingua e Literatura Galegas con minor en Hispánicas. No ano 2021-2022 cursou na mesma universidade o Mestrado Universitario en Profesorado de Educación Secundaria Obrigatoria e Bachelato, Formación Profesional e Ensino de Linguas, seguindo a especialidade de «Linguas e literaturas». Actualmente está preparando as oposicións de Educación Secundaria e rematando o grao en Lingua e Literatura Españolas.

SOL VILAS GONZÁLEZ

Naceu en 1997 na Coruña pero criouse en Vigo. Graduouse en 2021 na Universidade de Vigo no grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios, coa mención en «Filoloxía Galega». No ano 2021-2022 cursou na mesma universidade o Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, seguindo as especialidades de «Ensino de linguas» e «Lingua de Signos».